

EXTRACTOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE MARZO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:

D^a. MARIA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 13/2018 DE DATA 19 DE MARZO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 13/2018 do día 19 de marzo de 2018.

2.- EXPEDIENTE 5348/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO CON PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR ANTONIO PEREIRO BLANCO CONTRA O ACORDO DE DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA PARA RESTAURACIÓN DE CUBERTA DUN LOCAL SITO EN ESTIVELLE, S/N – DONSIÓN – LALÍN.

3.- EXPEDIENTE 2715/2017. APROBACIÓN DE CONVENIO URBANÍSTICO PARA A EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO (OBTENCIÓN DE TERREOS). PAGO XUSTO PREZO OBTENCIÓN SG.V-5.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo *PARA O PAGO DE TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DOS SISTEMAS XERAIS SG-V.2 E SG-V.5 DO PXOM.*

4.- EXPEDIENTE 1391/2018. APROBACIÓN DE CONVENIO.

Acordouse Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

5.- EXPEDIENTE 630/2018. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

Acordouse aprobar o INFORME EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LALÍN POR DANOS CAUSADOS POLO DEFICIENTE FUNCIONAMENTO DA REDE DE SUMIDORIOS.

6.- EXPEDIENTE 1430/2018.SOLICITUDE TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE N° 01/2018.

Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 01/2018 con carácter provisional ata o 26/03/2019 .

7.- EXPEDIENTE 1601/2018. PROPOSTA APROBACIÓN CIFRAS DE POBOACIÓN A 1 DE XANEIRO DE 2018.

Acordouse a aprobación das cifras de poboación deste municipio de Lalín a 1 de xaneiro de 2018 que son 20.140 habitantes.

8.- EXPEDIENTE 1450/2018. ESCOLA DE VERÁN.

Acordouse a DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS REFERENTE O EXP. 1977/2017 “SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS E DA ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE LALÍN” LOTE.NUM.3.

9.- EXPEDIENTE 255/2018. CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA UNIVERSIDAD INTERNACIONAL DE LA RIOJA (SOLICITUDE DE PRÁCTICAS).

Acordouse aprobar o convenio de colaboración coa Universidade Internacional da Rioxa para a realización de prácticas académicas externas asumindo os deberes e compromisos que no mesmo recóllense.

10.- EXPEDIENTE 1691/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación facturas nº 00016 por importe de 142.830,90 €.

11.- EXPEDIENTE 1635/2018. RELACIÓN DE FACTURAS A XUNTA DE GOBERNO LOCAL- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL Nº 5/2018- CONTA 413.

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 16.752,91 €.

12.- EXPEDIENTE 1032/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos por débedas de subministro de enerxía eléctrica e de auga para unha persoa solicitante por importe total de 67,06 €.

13.- EXPEDIENTE 1149/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de alimentación básica e de produtos de hixiene para a persoa solicitante por importe de 60 €.

14.- EXPEDIENTE 1073/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde e por gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas a itinerarios de inclusión social para á persoa solicitante por importe total de 280 €.

15.- EXPEDIENTE 1153/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de alugueiro de vivenda para á persoa solicitante por importe de 240 €.

16.- EXPEDIENTE 1040/2018. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados da compra de produtos alimenticios para a persoa solicitante por importe de 50 €.

17.- EXPEDIENTE 3892/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a Baixa por PASAMENTO no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á

Dependencia (SAAD), para unha persoa beneficiaria.

18.- EXPEDIENTE 4286/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acodouse a Baixa por PASAMENTO no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha persoa beneficiaria.

19.- EXPEDIENTE 848/2018. DACION DE CONTA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL "REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO. PLAN CONCELLOS 2017".

Dáse conta da Resolución remitida polo Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra (nº rex. 2095 de 20/03/2018) pola que se concede ao Concello de Lalín a seguinte subvención ao abeiro da Liña 1 do Plan Concellos 2017:

INVESTIMENTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Reposición de beirarrúas na rúa Alcalde Ferreiro.	54.079,10 €

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1222/2018. APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A UTE XG 516 PARA A EXECUCIÓN DO TRANSPORTE DE ESTUDANTES.

Acordouse aprobar o Convenio de Colaboración para a execución do transporte de estudantes.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1223/2018. APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A UTE

XG 517 PARA A EXECUCIÓN DO TRANSPORTE DE ESTUDANTES.

Acordouse aprobar o Convenio de Colaboración para a execución do transporte de estudantes.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1786/2018. TRASPASO EXECUTIVA AUGA E ALCANTARILLADO A ESPINA Y DELFIN.

Acordouse traspasar o importe de 2.004,29 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3997/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a baixa definitiva, (por internamento en C. Residencial Geriatros Monforte), no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha persoa beneficiaria.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 102/2018. PROCEDIMENTO XENÉRICO.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 12.072,69€ (IVE incluído), con destino á “ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL DE SEGURIDADE VIARIA E PROTECCIÓN DO PEÓN”.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1583/2018. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE POSTOS.

Acordouse elevar á Xunta de Goberno Local as actas de cualificación final do Tribunal Cualificador coa proposta de contratación dos/as candidatos/as que obtiveron a maior puntuación final segundo ditas actas e tal e como se reflicte no ANEXO que se xunta á presente proposta dos Postos de auxiliar de información turística; auxiliar administrativo e auxiliar de informática.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1651/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 1.152,92 €, segundo a relación que acompaña á proposta (Relación nº 00015).

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5763/2017. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE POSTOS.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada polo Tribunal cualificador da sesión celebrada para a proposta da convocatoria para a creación da bolsa de traballo do posto de técnico/a de administración xeral polo sistema de concurso-oposición do día 26 de marzo de 2018.

28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3526/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a ALTA urxente no Servizo de axuda no fogar modalidades libre concorrencia para unha persoa beneficiaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.